

RESUMO DO CONSELLO DE GOBERNO DO DÍA 19/10/2011

INFORME DO REITOR:

Como é de coñecemento xeral o Equipo de Goberno veuse na obriga de proceder ao cese do Vicerreitor de Infraestruturas por:

- A ilegalidade urbanística realizada
- A ostentación que fai dese feito
- O dano á imaxe e o prexuízo causado á institución

As necesidades da Universidade son enormes pero, de ningún xeito, xustifican as ilegalidades.

O proceder da Universidade ten antecedentes nas institucións, o actual CHUAC realizouse sen a correspondente licenza, sendo legalizado a posteriori.

Parálzanse as obras mentres non se faga un estudo pormenorizado da súa situación.

A colaboración co resto das institucións e, nomeadamente co Concello, foi e será un eixo imprescindible.

Outras informacións:

- A CRUE ven de elixir unha nova presidente.
- Distinción para a Universidade Sénior.
- A Mesa do Claustro ven de acordar, por unanimidade, a concesión de dous Honoris Causa, a John Rutherford e a Manuel Rivas.

VICERRECTOR DE PLANIFICACIÓN ECONÓMICA.

Só se realizaron asuntos de trámite.

VICERREITOR DE FERROL.

Informa da extinción do Centro Galego do Plástico e do Padroado Téxtil de Galiza.

PUNTO 2.- APROBACIÓN, SE PROCEDER, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO 29 DE SETEMBRO DE 2011.

Xosé Portela. Di que o que se reflicte na páxina 5 que di que a respecto da posibilidade de que o pas presidiren as mesas electorais foi debatido e rexeitado por ampla maioría na Comisión Electoral Central non foi o que se dixo na reunión do Consello. Nese acto díxose que se presentaran emendas pero, en ningún momento se falou de que se votaran na Comisión Electoral.

Aproveito a ocasión para solicitar que se graven as sesións para evitar posteriores interpretacións, coa cantidade de cartos que se consumen en obras ilegais este sería un pequeno gasto.

Respostas:

O Secretario Xeral entende que a acta reflicte o falado,
O Reitor indica que é unha decisión do órgano o proceder deste xeito, deuse incluso a situación de que un dos compoñentes do Consello de Goberno reclamou que non se fixesen actas.

Xosé Portela. O que reclamou a persoa do Consello de Goberno é que, as actas non fosen postas a disposición da Comunidade antes de seren aprobadas. Reflectiu o caso particular del en que reclamaba unha corrección que, era de difícil de subsanar a nivel xeral porque o erro era coñecido por todo o persoal.

PUNTO 3.- CONTRATOS E CONVENIOS.

Nada que sinalar, pasan todos.

PUNTO 4.- RESOLUCIÓN RECTORAL POLA QUE SE CONVOCAN ELECCIÓNS Á REITORÍA DA UDC.

Xosé Portela.- Despois das sucesivas correccións faise máis evidente que esta proposta debería vir avalada pola Comisión Electoral Central. Porqué non se lle pasou a este órgano para que se pronunciase?.

Resposta: Non é requisito.

PUNTO 5.- AUTORIZACIÓN, SE PROCEDER, DA CREACIÓN DE EBT SYNTHRACTIVE (ARTIGO 13.3 DO RECALAMENTO DE CREACIÓN E RECOÑECEMENTO DE EMPRESAS DA UDC)

Xosé Portela.- A universidade, de aprobarse este punto, pola circunstancia de ser “empresa participada” pasa a ser empresaria posto que ten parte do seu capital. En que circunstancias se sitúa a institución ao respecto dos traballadores que presten servizo na dita empresa?.

Resposta.- repítense os argumentos que se fixeron na presentación sen responder directamente á pregunta.

Todos votan a favor, excepto **Xosé Portela** que **vota en contra neste punto.**

PUNTO 6.- INFORME SOBRE O RECOÑECEMENTO DE EMPRESAS ASOCIADAS DA UDC (ARTIAGO 13.3 DO REGULAMENTO DE CREACIÓN E RECOÑECEMENTO DE EMPRESAS DA UDC)

Sen ter o carácter de empresas participadas do artigo anterior, son empresas que si instalan no Viveiro de Empresas, os informes que se presentan son

desastrosos, con incongruencias e con indicacións que, administrativamente son improcedentes. (Non podo indicar literalmente os erros detectados porque se indica nos propios informes o seu carácter confidencial)

Pasan todas as empresas solicitantes sen ningún voto en contra.

PUNTO 7.- PREMIOS EXTRAORDINARIOS DE DOUTORAMENTO

Apróbase o punto.

PUNTO 8.- QUENDA ABERTA DE INTERVENCIÓNS.

Xosé Portela.- Informa do falecemento de Leopoldo Carnicero Durán, que foi durante anos auxiliar de servizos na Facultade de Ciencias. Reclama, unha vez máis, que a atención tanto a casos como este e como as xubilacións de todo o persoal se centralice de xeito que todas sexan tratadas de igual maneira.

Conclúo de toda a información que chega polos medios de comunicación e as intervencións do propio Vicerreitor tanto neste órgano como no propio Claustro que o equipo de goberno era coñecedor da circunstancia en que se desenvolvían as obras e en que condicións legais se estaban a realizar. Entendo que a responsabilidade é, polo tanto, compartida entre todos os que hoxe forman parte do equipo reitoral polo tanto se por incumprir a legalidade ten que dimitir un dos seus compoñentes a situación debería ser extensible a todo o resto.

O equipo de goberno, pretendidamente de esquerdas utiliza neste caso un xeito de actuar máis propio da dereita: cando “interesa” faise o conveniente (as obras), cando non aplícase a lexislación vixente (o PAS segue a esperar pola RPT).

Proba desta filosofía manifestamente impropia da esquerda practícase neste órgano de xeito habitual, mentres que se adía sistematicamente a proposta de RPT do persoal laboral, aducindo a falta de acordo no plan de sustentabilidade, vemos como se contrata novo persoal PDI, se procede a cambios na docencia e se procede sen problema ás promocións acordadas (todas estas cousas inflúen substancialmente no orzamento), polo tanto no plan de sustentabilidade.

Este xeito de actuar provoca crecente desafección do persoal co equipo de goberno.

Se a reclamación é a habitual, as respostas foron tamén as mesmas de sempre. Non hai plan de sustentabilidade aprobado e a RPT farase no momento de telo. Sabe o Sr Portela que a RPT non se fixo no ano 2008 porque a intención dos representantes era a funcionarización, que a de 2009 volveu a ser rexeitada.

Insisto en que a RPT é unha obriga da insitución, que, segundo o Convenio Colectivo e os Estatutos ten que realizarse cada dous anos.